

4º PRIMARIA**MATEMÁTICAS**

Bos días! Como estades estes días? Espero que moi ben chic@s!! Hoxe imos continuar repasando un pouquiño o que fomos aprendendo días atrás (as medidas de lonxitude). Para iso, imos á **páxina 113** e realizaremos os exercicios 6, 8 e 9. A continuación, déixovos uns enlaces para que vaiades coñecendo o último contido deste tema relacionado coas expresións incomplexas e complexas das medidas de lonxitude, moi atentos porque isto xa o vimos pero coas medidas do tempo segundos, minutos e horas!! Lembrádesvos?

<https://www.youtube.com/watch?v=yeausD9hEGY>

<https://www.youtube.com/watch?v=ez1O75qkG0s>

Por último, propóño vos dous retos máis:

**Medimos a nosa casa**

Por exemplo: o salón medimos todo o que se poida medir e imos anotando nunha folla. Despois comparamos cal é o obxecto máis grande e o máis pequeno. Podemos medir tamén o chan das distintas zonas da casa e comparar cal é a máis grande.

**Receta**

Realizade tódalas receitas que queirades iso si deberedes medir os ingredientes (gramos ou litros). Se facedes un biscoito, por exemplo, pensade se quixerades que fose dobre como cambiarían esas medidas ou serían as mesmas?

Podedes continuar repasando nos enlaces da semana pasada con xogos matemáticos, moito ánimo!! =)

MÚSICA

Hoxe comezaremos retomando o video da “Primavera de Vivaldi” Recordade que tiñades que facer un musicograma da audición. Poñédelle de título: A primavera de Vivaldi e enviádenos foto para poder velos. Podedes facer un traballo de campo en internet sobre os musicogramas que fixo outra xente para orientarvos á hora de traballar.

<https://youtu.be/YFzvZQw-fuE>

Lembrade a breve descrición da semana pasada sobre Vivaldi e contestade:

- *Como se chama o compositor da Primavera?*
- *Cando naceu?*
- *Como se chamaba a época na que viviu?*
- *A que se lle daba importancia nesa época?*
- *Cantos anos máis ou menos fai que morreu?*
- *Como se chama a obra á que pertence “A Primavera de Vivaldi”?*
- *Que instrumento destaca en toda a obra? A que familia pertence?*

Pois, como decides nesta última pregunta..... pertence á familia da CORDA. Imos ver un pequeno video.

<https://youtu.be/pvjCQqTJVKw>

Practicaremos a percusión corporal co seguinte video. Nel, ademais de traballar a percusión corporal, ides traballar unha calidade do son que é a velocidade (lento-rápido) iredes aumentando a velocidade de forma progresiva..... estade atentos:

<https://youtu.be/aXZWgOf2ISA>

E....para rematar, unha canción africana. Practicadea que nos vai facer falla para a próxima sesión:

<https://youtu.be/UoSjmNIe71k>